

Oficina de obxectos perdidos (fragmento dun relato do libro *Made in Galiza* de Séchu Sende):

- Ola, dígame.
- Hola, mire, no sé si me pueden ayudar. Yo es que perdí mi lengua y quería saber si la puedo recuperar.
- Ahá... pois a ver, dígame, como era?
- Pues mire... muy parecida a la suya.
- Ah, xa é que aquí temos moitas así... De feito case todas as linguas perdidas que temos aquí son así. Se me puidese dar máis datos... Cando a perdeu?
- Uf...no me acuerdo muy bien, pienso que hace unos 10 o 11 años, en verano...
- E sabe onde a perdeu?
- Ummm... En una discoteca, el día que conocí a mi marido.
- En qué cidade?
- Aquí, en esta misma.
- Ahá... a ver que miro na base de datos... AQUÍ A TEMOS! Se agarda un momentinho vou por ela ao almacén.

.....

- Aquí a ten, a ver, recoñécea?
- Oh, a ver, si, si, ola, ola, probando... si, é a miña lingua! A ver: lus, felis, un, dous, tres. Oh! Que alegría! Sabe, pensei que a perdera para sempre! Estoulle moi agradecida.
- Nada, muller, nada...
- Pois xa me dirá canto é...
- Como?
- Teño que pagar algo?
- Non, muller, non... Isto non ten prezo... A lingua é súa. Iso si, teña coidado de non perdela outra vez, eh?

CUESTIÓNS SOBRE “A oficina de obxectos perdidos”:

1. Onde ten lugar a acción?
2. Quen son os protagonistas?
3. Que problema teñen?
4. A súa lingua: fala do órgano que ten dentro da boca ou refírese ao seu idioma?
5. Como se chaman a ese tipo de palabras con dous significados?
6. Por que perdeu a lingua?
7. Coñeces algún caso semellante?